

## SOLEMNIDADE DO NOSO SEÑOR XESÚS CRISTO, REI DO UNIVERSO (C)

### **PRIMEIRA LECTURA** 2 Sam 5, 1-3

Lectura do libro segundo de Samuel

Naqueles días, tódalas tribos de Israel foron a Hebrón, xunto de David, para dicirle:  
- "Aquí nos tes. Nós somos do teu mesmo sangue. Xa de antes, cando Saúl reinaba sobre nós, eras ti quen conducía a Israel e o Señor tíñache dito: ti pastara-lo meu pobo Israel, ti sera-lo seu xefe". Os anciáns de Israel presentáronse, pois, onda o rei en Hebrón. O rei David fixo un pacto alí con eles, diante do Señor, e eles unxiron a David por rei de Israel.

### **SALMO RESPONSORIAL** Sal 121, 1-2. 4-5

R/. (cf. 1): Imos alegres para a casa do Señor.

Moito me alegrei cando me dixeron:  
"imos ir á casa do Señor".  
Xa están os nosos pés  
ás túas portas, Xerusalén.

Alá soben as tribos, as tribos do Señor,  
conforme o costume de Israel,  
a festexa-lo nome do Señor.  
Alí están os tribunais de xustiza,  
os tribunais da casa de David.

## **SEGUNDA LECTURA** Col 1, 12-20

Lectura da carta do Apóstolo san Paulo ós Colosenses

Irmáns: Deamoslle gracias a Deus Pai que vos fixo merecentes de participar na herdade dos santos, na luz. El librounos do dominio das tebras para nos pasar ó Reino de seu Fillo benquerido, en quen alcanzámo-la redención polo seu sangue, o perdón dos pecados. El é a imaxe do Deus invisible, o primoxénito de toda criatura, pois nel foron creadas tódalas cousas, as do ceo e tamén as da terra, as visibles e as que non se ven: maxestades, señoríos, principados e potestades. Todo foi creado por el e para el, el é anterior a todo e todo ten nel o alicerce. El é tamén a cabeza do corpo: a da Igrexa. El é o principio, o primoxénito de entre os mortos, por ser el en todo o primeiro. Porque nel quixo Deus que habitase a total plenitude, e por el quixo reconcilia-lo universo consigo, o que hai na terra e o que hai no ceo, poñéndoos en paz, polo sangue da súa cruz.

## **EVANXEO** Lc 23, 35-43

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, os xefes moqueábanse de Xesús, dicindo: - A outros salvounos. Pois que se salve agora el, se é o Mesías de Deus, o Elixido. Tamén os soldados se burlaban del, e achegándose ofrecíanlle vinagre, dicindo: - Se ti e-lo rei dos xudeus, sálvate a ti mesmo. E había un letreiro enriba del: "Este é o rei dos xudeus". Un dos bandidos que estaban crucificados, insultábo tamén: - ¿Non es ti o Mesías? Pois sálvate ti e sálvanos a nós. Pero contestoulle o outro, reprendéndoo: - ¿Seica non temes a Deus, ti que sófre-la mesma condena ca el? Nós, polo menos, recibímo-lo que merecemos, pero este non fixo mal ningún. E dicíalle: - Xesús, lémbtrate de min cando volvas como rei. Xesús respondeulle: - Asegúroche que hoxe estarás comigo no paraíso.